


Ourense 2020

ENCONTRRO


30
aniversario

*de secretarías de consellos sociais
das universidades españolas*



Desenho: Área de Imaxe. Vicerretoría de Comunicación e Relacións Institucionais

20 e 21 de febreiro
Aula 1, 2.^a planta
Sede Afundación
Ourense



20 e 21 de febreiro
Sede Afundación
Ourense

Universidade de Vigo



Encontro Ourense 2020

Comunicación e transparencia

¿En qué poden mellorar os consellos sociais?

20 e 21 de febreiro de 2020
Sede Afundación Ourense
Aula 1, 2.ª planta
Avenida de Pontevedra

Descrición

En liñas xerais, os consellos sociais teñen como misión implicar a sociedade nas universidades e promover o coñecemento e o mutuo aproveitamento. Aí entra o valor da comunicación, onde as universidades precisan todas as axudas posibles, para ser máis visibles, máis respectadas e máis coñecidas; para entender mellor a súa existencia, comprender o seu funcionamento, os seus resultados, os seus méritos, as súas fraquezas e as súas necesidades; e situar a súa enorme importancia sobre os sólidos alicerces do aprecio da cidadanía e a confianza e o afecto social.

E un dos mellores camiños cara a esa comunicación son os investigadores, porque aos medios atráelles o coñecemento. Por iso quen finanza aposta pola ciencia aberta como mecanismo para achegarlle a investigación á sociedade e promover a súa participación, para facer máis visible e transparente toda a actividade científica, fortalecendo a integridade dos investigadores/as e o impacto na sociedade.

E a este obxectivo de que a universidade comunique, cos científicos como arietes, debemos sumar a transparencia. No último informe sobre transparencia voluntaria nas webs das universidades españolas, os consellos sociais adquiren un controvertido protagonismo.

Sobre eses tres asuntos enfócase este encontro.

Programa

20 de febreiro

16.15 h Recepción e inscricións

16.30 h Presentación e apertura

_ Ernesto Pedrosa

Presidente do Consello Social da Universidade de Vigo

_ Elena Marín

Presidenta da comisión de secretarios da Conferencia dos Consellos Sociais das Universidades Españolas

_ Miguel Ángel Acosta

Secretario xeral da Conferencia de Consellos Sociais das Universidades Españolas

17.00 h Pleno da comisión sectorial de secretarios

18.00 h **A transparencia conta soa**

Por que deben contribuír os consellos sociais a mellorar a transparencia das universidades?

Presenta

_ Vicente Boquera

Secretario do Consello Social da Universidade de Valencia

Relatores

_ Javier M. Cavanna

Director da Fundación Compromiso e Transparencia

_ David Basalo. Coordinador da Unidade de Análise e Programas da Universidade de Vigo

_ Santiago González

Secretario da Comisión de Transparencia de Galicia

19.00 h Percorrido pola zona histórica

21.00 h Fin da xornada

21.30 h Cea

21 de febreiro

10.00 h **As redes sociais cóntano todo**

Comunicar hoxe. Útil ou necesario para os Consellos Sociais?

Presenta

_ Elena Marín

Secretaria do Consello Social da Universidad de Zaragoza

Relatores

_ Lázaro Marín

Director de Comunicación da Universidad Miguel Hernández de Elche

_ Javier Ablitas

Socio director de Camila Comunicación e membro de comunicación da Conferencia de Consellos Sociais

11.15 h Café

11.45 h **Os investigadores contan moito**

Comunicar a ciencia é clave. O papel dos consellos sociais

Presenta

_ Ignacio Rodríguez

Secretario do Consello Social da Universidade de Vigo

Relator

_ Anxo Carracedo

Catedrático de Medicina Legal, investigador e experto internacional en xenética

13.00 h Clausura. Conclusións

13.30 h Xantar